

ANEXO

Apelidos e nome	NIF	Quenda	Motivo da exclusión
Fernández Álvarez, Rosa María	76747194N	Discap.	16
González Ponce, Gaspar	31335427C	Discap.	14
Pereira Fernández, M ^a de los Ángeles	33328533S	Libre	21
Roman Rodríguez, José Luis	34964798Z	Libre	15

Tipo motivo	Código	Descrición
Xeral	14	Documento xustificativo exención taxas non válido
Xeral	15	Documento xustificativo exención taxas non compulsado
Xeral	16	Documento xustificativo exención taxas non presentado
Xeral	21	Importe taxas ingresadas inferior ao estipulado

Resolución do 11 de setembro de 2009, da Dirección Xeral da Función Pública, pola que se aproban e se fan públicas as listaxes provisionais de novos/as aspirantes admitidos/as e excluídos/as ao proceso selectivo para o ingreso no corpo superior da Administración da Xunta de Galicia, subgrupo A1, en virtude do prazo extraordinario aberto coa Orde do 13 de xullo de 2009.

En virtude da Orde do 18 de xullo de 2008 (DOG número 144, do 28 de xullo) convocouse o proceso selectivo para o ingreso no corpo superior da Administración da Xunta de Galicia, subgrupo A1.

A dita orde foi posteriormente modificada pola Orde do 26 de xuño de 2009 (DOG número 129, do 3 de xullo), o que determinou a apertura dun prazo extraordinario para a presentación de solicitudes a través da Orde do 13 de xullo de 2009 (DOG número 137, do 15 de xullo).

Unha vez rematado o prazo sinalado na última das ordes referidas, e de conformidade co establecido no artigo 12 do Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia e na base I.4 das que rexen o proceso selectivo, esta dirección xeral

RESOLVE:

Aprobar as listaxes provisionais de novos/as aspirantes admitidos/as e excluídos/as que presentaron as súas solicitudes no prazo extraordinario aberto coa Orde do 13 de xullo de 2009 para participar no proceso selectivo para o ingreso no corpo superior da Administración da Xunta de Galicia, subgrupo A1.

A listaxe de aspirantes admitidos/as poderá consultarse a través da páxina web oficial da Xunta de Galicia (www.xunta.es) e estará exposta nos taboleiros de anuncios da Consellería de Facenda, nos dos seus departamentos territoriais, no Servizo de Información Administrativa e Atención ao Cidadán en Santiago de Compostela, no Servizo de Información dos edificios administrativos da Xunta de Galicia en Vigo e Ferrol e nas oficinas comarcais da Xunta de Galicia.

A listaxe de aspirantes excluídos, con indicación da causa determinante da súa exclusión, figura como anexo a esta resolución.

Os/as novos/as aspirantes excluídos/as disporán dun prazo de dez días, contados a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*, para emendar o defecto que motivou a exclusión.

Os aspirantes que dentro do prazo sinalado non emenden os defectos motivos de exclusión, serán definitivamente excluídos.

Así mesmo, os/as aspirantes que non figuren na listaxe de admitidos nin na de excluídos disporán do mesmo prazo para reclamar.

As listaxes definitivas que se publiquen logo de presentación e o exame das emendas presentadas consonte o disposto nos parágrafos anteriores serán en todo caso complementarias das publicadas en virtude da Resolución do 6 de marzo de 2009 (DOG número 50, do 12 de marzo).

Santiago de Compostela, 11 de setembro de 2009.

José M^a Barreiro Díaz
Director xeral da Función Pública

ANEXO

Apelidos e nome	NIF	Quenda	Motivo da exclusión
Comellas Melero, Ainhoa	46898193C	Libre	14
Fernández Álvarez, Rosa María	76747194N	Discap.	16
Mauriz Montero, María Cristina	32666147Y	Libre	16, 21
Pérez Rodríguez, María Manuela	76707373G	Discap.	15

Tipo motivo	Código	Descrición
Xeral	14	Documento xustificativo exención taxas non válido
Xeral	15	Documento xustificativo exención taxas non compulsado
Xeral	16	Documento xustificativo exención taxas non presentado
Xeral	21	Importe taxas ingresadas inferior ao estipulado

Resolución do 11 de setembro de 2009, da Dirección Xeral da Función Pública, pola que se emprazan os interesados no recurso contencioso-administrativo P.O. 314/2009, interposto por Jesús Villanueva López.

A Dirección Xeral da Función Pública recibiu da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia providencia pola que se admite a trámite o recurso contencioso-administrativo P.O. 314/2009, interposto por Jesús Villanueva López, contra a desestimación por silencio administrativo do recurso de reposición formulado contra a Orde do 14 de xullo de 2008 pola que se eleva a definitiva a proposta de aspirantes que superaron o proceso selectivo para o ingreso no corpo facultativo superior da Xunta de Galicia (grupo A), escala de veterinarios (DOG número 139, do 18 de xullo); (corrección de erros no DOG número 144, do 28 de xullo).

En consecuencia, esta dirección xeral acordou nesta data, de conformidade co disposto no artigo 49 da Lei